



PLAN DIXITAL

IES Monte Carrasco

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. <u>Introdución</u>	4
1.1. Datos básicos do centro.....	4
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	5
1.3. Breve xustificación do mesmo.....	6
1.4. Proceso de elaboración.....	7
2. <u>Situación de partida</u>	8
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	8
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	9
2.3. Análise DAFO.....	11
3. <u>Plan de Acción</u>	14
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	14
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	22
4. <u>Avaliación do plan</u>	23
5. <u>Difusión do plan</u>	23

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Instituto de Ensino Secundario MONTE CARRASCO**
- Dirección: Monte Carrasco, 20, Darbo - Apdo. 185 – 36949, Cangas (Pontevedra)
- GPS: [W 8° 47' 38" - N 42° 16' 31"](#)
- Teléfono: 886110160
- e-mail: ies.montecarrasco.cangas@edu.xunta.gal
- Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecarrascocangas/>

O IES Monte Carrasco, tipificado como centro de Ensino Secundario Obrigatorio con 8 unidades de liña 2, está situado no Lugar de San Pedro, na parroquia de Darbo, a que deu orixe ao concello de Cangas. Localizada no extremo suroeste da península do Morrazo, en pleno corazón das Rías Baixas, é unha parroquia moi heteroxénea composta por pequenos núcleos interconectados, que arroxaba en 2019 a cifra de 7.593 habitantes (case un 30 % dos 26.487 poboadores de Cangas). Unha importante parte do núcleo urbano de Cangas pertence a esta parroquia, así coma todos os suburbios occidentais da mesma. Esta parroquia posúe unha elevada densidade de poboación (1.310,55 hab./km² en 2019), é a máis poboada do concello, cunha tendencia de crecemento constante ao estarse a converter nunha das zonas residenciais do propio municipio e mesmo da limítrofe cidade de Vigo.

O IES Monte Carrasco nace no curso académico 1998-99 para dar resposta ás necesidades de escolarización da poboación estudiantil de 12 a 16 anos da parroquia de Darbo, trala entrada en vigor da LOXSE. É froito da transformación dun centro de EXB, construído no ano 1986.

No IES Monte Carrasco impártense ensinanzas de Ensino Secundario Obrigatorio. Arestora hai matriculados 185 alumnos e alumnas, provenientes na meirande parte, do centro adscrito [CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo](#), distribuídos do seguinte xeito:

1ºA	1ºB	2ºA	2ºB	3ºA	3ºB	4º A	4º B
25	26	25	26	22	21	19	20

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Á marxe das diferenzas derivadas da desigual implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as, a pandemia fixo visible a importante fenda dixital que existe no alumnado, consecuencias, en moitos casos, de situacións económicas precarias. Non obstante, o profesorado puido constatar as dificultades que o alumnado presenta para realizar operacións básicas na alfabetización dixital como, por exemplo, a procura de información, a edición de documentos ou presentacións, a escrita de correos ou manexo mesmo da aula virtual... Por outra banda, cómpre avanzar nos usos responsables da tecnoloxía e da conformación da identidade dixital, pois son crecentes os usos non adecuados e de risco por parte do alumnado.

Neste mesmo sentido, e como consecuencia tamén do experimentado durante a pandemia, os docentes puideron identificar as súas propias eivas formativas no manexo dalgúns recursos e ferramentas TIC, como tamén na elaboración de contidos dixitais.

Diante do descrito é necesaria a elaboración dun Plan Dixital de Centro que enfrente, de maneira integral e coherente, o desenvolvemento e a mellora da competencia dixital de toda a comunidade educativa. Este programa ofrece a oportunidade de analizar as debilidades e as ameazas para logo convertelas en oportunidades que redunden en futuras fortalezas no eido dixital e, por ende, nunha mellor calidade do ensino. Por iso, o Plan Dixital de Centro será un dos eixos que vertebre a Programación Xeral Anual de centro para o curso 2022-2023, tal e coma se recolle no *Plan de Acción*.

En relación coas tecnoloxías da información e da comunicación, o centro leva participando en PFPP relacionados coas tecnoloxías dixitais desde o curso 2011-2012, sempre cunha alta participación de profesorado. Ademais este curso ten adxudicado os seguintes Contratos Programa: RECUPERA-T, Inclúe, en todas as súas actuacións (QUÉDA-T, IGUÁLA-T, CONVIVE-T, INCLÚE-T e EMOCIÓNA-T), Contratos Programa Innova, na modalidade EDUsostenibilidade e Plan Proxecta+, nos programas Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD).

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa; así no artigo 121 establece que o PEC recollerá a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que se promoverá o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, que faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. Por outra banda, o artigo 132 da devandita Lei establece que se promova, nos centros, a innovación educativa e que se impulsen plans para a consecución dos fins do PEC; tamén que se impulse a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación e a experimentación.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinalan que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Neste contexto, os centros educativos deben dar resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá e facilitar que docentes e alumnado adquiren as competencias necesarias para desenvolverse nun mundo cada vez máis dixitalizado.

A educación debe dar e asegurar a igualdade en todos os eidos e debe revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacarlle o maior proveito ás TIC e aos recursos dixitais, de acordo coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Este é o marco onde se integra a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Segundo esta normativa a elaboración deste Plan ten como obxectivo:

- Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos.
- Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa, para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan comeza coa organización do equipo responsable de dinamización do Plan Dixital que queda conformado por sete membros do claustro con destino definitivo no centro:

- Ana María Soliño Pérez (Directora)
- Carlos Camaño Rial (Xefe de Estudos)
- Montserrat López Fariña (Secretaria e profesora de Lingua Castelá e Literatura)
- Elena López Vara (Coordinadora do Plan Dixital de Centro)
- Raquel González Seoane (Coordinadora Edixgal)
- Carmen María de las Casas Enríquez (Xefa do Dpto. Matemáticas)
- Inés Rodo Montes (Xefa Dpto. de Lingua Galega e Literatura)

Despois do nomeamento e constitución do equipo de dinamización do Plan Dixital, durante o primeiro trimestreponse en marcha a fase de diagnose na que se procede a unha análise da situación do centro mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD. Ambas ferramentas emiten un informe que amosa a situación "real" do centro. Grazas aos resultados destes instrumentos o equipo responsable da dinamización do Plan Dixital pode avanzar no coñecemento das competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital e pode así planificar unha formación profesional e persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, estes informes permiten planificar liñas de formación a través do PFPP dos vindeiros cursos.

Durante o segundo trimestre, e a partir do Informe SELFIE e o test CDD, o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital realiza un informe DAFO que facilita unha análise da situación actual e facilita a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións. O presente documento, que será sometido á aprobación do claustro o día 1 de xullo, fixa uns obxectivos que serán desenvolvidos no curso 2022-2023.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- ◆ Infraestrutura dixital do centro: o centro conta con infraestrutura de datos (conectividade a internet), infraestruturas de voz (telefonía) e conexións cableada, sen fíos e electrónica de rede.
- ◆ Equipamento dispoñible e identificación dos usos:
 - 11 aulas dixitalizadas
 - Proxecto E-Dixgal en toda a etapa educativa
 - 6 equipos de xestión e administración
 - 1 equipo na Biblioteca para xestión do catálogo bibliográfico e préstamo.
 - 17 equipos para uso dos docentes na sala de profesorado e nos departamentos
 - 3 equipos ultraportátiles para aula móbil
- ◆ Servizos dixitais educativos:
 - Páxina web do centro
 - Aula virtual
 - Agueiro
 - E-Dixgal
 - EspazoAbalar
 - Abalar móbil
 - Correo corporativo
- ◆ Xestión do mantemento do equipamento do centro.

Todo o equipamento facilitado pola administración é atendido e mantido pola propia administración. Non obstante, o mantemento do equipamento adquirido polo centro realízase a través da contratación dos servizos dunha empresa costeada polo centro.

- ◆ Plan de continxencia recollido Plan de adaptación á situación COVID do IES Monte Carrasco

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A participación no SELFIE realizado no primeiro trimestre do curso 2021-2022 foi a seguinte:

- Membros do equipo directivo: 100%
- Profesorado: 86%
- Alumnado: 79%

O resumo das áreas do informe SELFIE queda reflectido na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3.1			
	Profesorado		3.9			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3			
	Profesorado		3.1			
	Alumnado		2.9			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4			
	Profesorado		4			
	Alumnado		3.9			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4.4			
	Profesorado		4.3			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4.3			
	Profesorado		3.9			
	Alumnado		4			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.7			
	Profesorado		3.3			
	Alumnado		3.4			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3.2			
	Profesorado		2.7			
	Alumnado		2.9			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		4			
	Profesorado		3.6			
	Alumnado		3.1			

O resumo do Test CDD queda reflectido nas seguintes táboas:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	17	94.1%
PROVISIONAL	4	5	80%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	0	1	0%
DESPRAZADO	4	6	66,7%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>80.7</u>	<u>B1</u>	<u>76,4</u>	<u>B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	80.5	B1	79.2	B1
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	
A2	8	32%
B1	11	44%
B2	4	16%
C1	2	8%
C2	0	0%
TOTAL	25	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou a seguinte análise DAFO, que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1. Infraestrutura. C2. Dispositivos dixitais para o ensino. C3. Acceso a Internet. C5. Asistencia técnica. C8. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe. C10. Dispositivos para o alumnado C15. Tecnoloxías asistenciais.</p>	<p>C16. Bibliotecas/ repositorios en liña</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>A3. Novas modalidades de ensino. E1. Recursos educativos en liña. E2. Creación de recursos dixitais E3. Uso de contornos virtuais de aprendizaxe. F1. Adaptación ás necesidades do alumnado. F3. Fomento da creatividade. F5. Colaboración/cooperación do alumnado. F6. Proxectos interdisciplinares.</p>	<p>B1. Avaliación do progreso B2. Debate sobre o uso da tecnoloxía B4. Sinerxias para a aprendizaxe híbrida. E2. Creación de recursos dixitais. E5. Recursos educativos abertos. G1. Avaliación de habilidades. G3. Retroalimentación axeitada. G5. Autoreflexión sobre a aprendizaxe. G6. Comentarios a outros/as alumnos/a sobre o seu traballo. G8. Documentación da aprendizaxe. G9. Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe. G10. Avaliación das habilidades desenvolvidas fora do centro. H1. Comportamento seguro. H3. Comportamento responsable. H4. Verificar a calidade da información. H6. Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais. H7. Creación de contidos dixitais. H8. Aprender a comunicarse. H11. Aprender a codificar ou programar. H13. Resolver problemas técnicos. Factores positivos para a aprendizaxe mixta: -O profesorado participa en redes profesionais. - Dificultades para implicar ao</p>

		<p>alumnado.</p> <p>TEST CDD: O 32% do profesorado presenta un nivel de explorador (A2)</p>
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>E4. Comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>F3. Fomento da creatividade.</p> <p>F5. Colaboración/cooperación do alumnado.</p> <p>F6. Proxectos interdisciplinares.</p>	<p>F4. Motivación do alumnado.</p> <p>G5. Autoreflexión sobre a aprendizaxe.</p> <p>H1. Comportamento seguro.</p> <p>H3. Comportamento responsable.</p> <p>H4. Verificar a calidade da información.</p> <p>H6. Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais.</p> <p>H7. Creación de contidos dixitais.</p> <p>H8. Aprender a comunicarse.</p> <p>H11. Aprender a codificar ou programar.</p> <p>Factores positivos para a aprendizaxe mixta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado con competencias dixitais insuficientes. - Dificultades para implicar ao alumnado.
FAMILIAS	E4. Comunicación coa comunidade educativa.	
OFERTA	<p>C12. Fenda dixital: apoio para abordar retos.</p> <p>D1. Necesidades de FPP.</p> <p>D2. Participación na FPP.</p> <p>Factores positivos para a aprendizaxe mixta:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O centro educativo ten acceso a recurso dixitais en liña ben organizados. <p>Factores positivos para a aprendizaxe mixta:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O profesorado participa en programas de desenvolvemento profesional. 	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A2. Desenvolvemento da estratexia co profesorado.</p> <p>D3. Intercambio de experiencias.</p> <p>C11. Fenda dixital: medidas para identificar retos.</p> <p>C14. Espazos físicos.</p>	

	<p>E4. Comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>G7. Avaliación dixital.</p> <p>Factores positivos para a aprendizaxe mixta:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O centro educativo ten unha comunicación regular e ben organizada -O centro educativo ten experiencia no uso de ambientes de aprendizaxe mixta. 	
--	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Factores positivos para a aprendizaxe mixta:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O centro educativo ten unha estratexia dixital. <p>Rede Edixgal</p>	<p>A4. Tempo para explorar o ensino dixital.</p> <p>Factores que limitan o uso das tecnoloxías:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falta de tempo para o profesorado. - Profesorado con competencias dixitais insuficientes. <p>Factores negativos para a aprendizaxe mixta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O profesorado carece de tempo para desenvolver material para a aprendizaxe. - O profesorado carece de tempo para dar retroalimentación ao alumnado. <p>Falta de asistencia técnica periódica e regular de persoal cualificado.</p>
	LEXISLACIÓN	-O Plan Dixital de Centro	- Falta de disponibilidade de horario lectivo das persoas coordinadoras Plan Dixital e EDIXGAL
	CONTORNA		<p>Factores negativos para a aprendizaxe mixta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet. - Baixa competencia dixital das familias.
	ANPA	-As familias demandan asesoramento para un comportamento seguro en Internet	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Plan de Acción 1

"Área/s de mellora": E: Pedagogía e recursos						
1. OBXECTIVO (1):	Aumentar a creación de recursos dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que crea recursos dixitais.					
Valor de partida (3)	20% de profesorado crea recursos dixitais.					
Valor previsto e data (4)	50% de profesorado crea recursos dixitais en xuño 2023.					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Formación do profesorado a través dun PFPP: formación EDIXGAL	Coordinadora da liña do PFPP	31/05/2023	- Persoal en colaboración co CEFOR(relatores.) - Materiais: equipos informáticos, software...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Creación de grupos de traballo por ámbitos.	Coordinadora de cada ámbito de traballo	30/09/2022	- Espazos - Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Creación de recursos dixitais	Coordinadora da liña do PFPP	31/05/2023	Materiais: equipos informáticos...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Plan de Acción 2

"Área/s de mellora": E: Pedagogía e recursos						
2. OBXECTIVO (1):	Aumentar a creación de recursos dixitais abertos				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de profesorado que crea recursos dixitais abertos.					
Valor de partida (3)	1 REAs					
Valor previsto e data (4)	5 REAs en xuño 2023.					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Formación do profesorado a través dun PFPP: creación de REA	Coordinadora da liña do PFPP	31/05/2023	- Persoal en colaboración co CEFOR(relatores.) - Materiais: equipos informáticos, software...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Creación de grupos de traballo por ámbitos.	Coordinadora De cada ámbito de traballo	30/09/2022	- Espazos - Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Creación de recursos dixitais abertos	Coordinadora da liña do PFPP	31/05/2023	Materiais: equipos informáticos...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Plan de Acción 3

"Área/s de mellora": B: Colaboración e redes						
3. OBXECTIVO (1):	Aumentar as canles de comunicación e colaboración entre o profesorado do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de participación do profesorado					
Valor de partida (3)	30% do profesorado participa en foros e redes colaborativas.					
Valor previsto e data (4)	100% do profesorado participa no curso EDIXGAL de organización creado en xuño 2023.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Posta en funcionamento dun curso/s en EDIXGAL para facilitar a comunicación e colaboración en distintos ámbitos da vida do centro: Plan de Atención á Diversidade, planificación de actividades... Participación en redes colaborativas do profesorado (Aqueiro...)	Coordinadora TIC	30/09/2022	- Materiais: equipos informáticos, software...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A03.2: Participación no foro dos cursos e na creación de recursos(cartafois) para favorecer a colaboración entre o profesorado na elaboración de informes de carácter conxunto. Participación en redes colaborativas de profesorado.	Orientadora Coordinadora TIC	31/05/2023			Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Elaboración, actualización e difusión do plan de actividades propostas polos distintos departamentos.	Xefe de estudos	31/05/2023	Plataformas institucionais (Aqueiro, EDIXGAL...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Plan de Acción 4

"Área/s de mellora": F: Implantación na aula						
4. OBXECTIVO (1):	Incrementar o número de proxectos interdisciplinares				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora Polos creativos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de proxectos interdisciplinares.					
Valor de partida (3)	1 proxecto interdisciplinar.					
Valor previsto e data (4)	4 proxectos interdisciplinares en xuño 2023.					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Formación do profesorado a través dun PFPP: Polos creativos	Coordinador do PFPP	31/05/2023	- Persoal en colaboración co CEFORE(relatores.) - Materiais: equipos informáticos, software...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Creación de grupos de traballo por liñas de acción dentro do polo creativo	Coordinador do PFPP e coordinadora dos polos creativos	30/09/2022	- Espazos - Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Memoria final do Polo Creativo no que figuran a descrición, as conclusións e a difusión dos distintos proxectos interdisciplinares que o conforman.	Coordinadora Polos creativos	30/06/2024	Materiais: equipos informáticos, Material aportado pola Consellería para a posta en marcha do Polo Creativo...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Plan de Acción 5

"Área/s de mellora": G: Prácticas de avaliación						
5. OBXECTIVO (1):	Aumentar o uso das tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación ao alumnado					
RESPONSABLE:	Coordinadora PDC					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de elementos de avaliación creadas.					
Valor de partida (3)	10 elementos de avaliación.					
Valor previsto e data (4)	50 elementos de avaliación en xuño 2023.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Formación do profesorado a través dun PFPP: elaboración de instrumentos de avaliación dixitais.	Coordinadora PFPP	31/05/2023	- Persoal en colaboración co CEFORE(relatores.) - Materiais: equipos informáticos, software...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Creación de elementos de avaliación (rúbricas, avaliación entre iguais ...)	Coordinadora PFPP	31/05/2023	- Materiais: equipos informáticos, software...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Elaboración dun banco de rúbricas	Coordinadora PFPP	31/05/2023	- Materiais: equipos informáticos, software...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

◆ Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas:

Cómpre subsanar as deficiencias derivadas das diferentes ubicacións dos *RACKS* (ata cinco) instalados en diferentes ubicacións no centro dado que dous supoñen un perigo para a saúde do persoal do centro. Dos cinco equipos, tan só un, o correspondente á rede E-Dixgal, está situado nun espazo axeitado: un almacén, ben ventilado e sen humidade. Os outros dous racks atópanse nas dependencias do Equipo directivo (o rack principal na entrada da Xefatura de Estudos e o outro, máis pequeno, enriba da mesa de Dirección, na parede). Ambas as dúas instalacións producen unha considerable acumulación de ruído e contaminación electromagnética en espazos reducidos onde permanece o persoal traballador durante practicamente toda a súa xornada laboral. Os dous racks restantes, de menor tamaño, están na Biblioteca e na antiga Aula de Informática.

Ademais, segundo declaran os propios técnicos que acoden a solucionar diferentes incidencias, o tamaño do rack principal non é o correcto. En varias ocasións os técnicos teñen subliñado que é preciso a súa ampliación posto que é complicado facer operacións ou modificacións no propio RACK xa que o armario non conta con espazo necesario. Posto que o centro ten ampliado o proxecto Edixgal a todos os niveis (de 1º a 4º da ESO) a mellora destas infrastucturas é necesaria. A todo o descrito hai que sumar que as diferentes instalacións telefónicas, feitas ao longo destes anos e xa obsoletas, non foron retiradas.

Posto que é evidente que as condicións de traballo e seguridade derivadas da ubicación destes equipos nos despachos de dirección non son axeitadas, o centro ten solicitado a AMTEGA (registro de saída 16/11/2021), ao Servizo de Prevención e Riscos Laborais da Consellería de Educación (17/11/2021, registro de saída) e a UAC (registro de saída 01/12/2021) e a súa intervención. Aínda que esta situación foi avaliada e presupostada por AMTEGA aínda non se recibiu unha resposta positiva en canto a acometida de posibles obras de mellora.

◆ Necesidades de equipamento:

- Dotación de PDI e proxector para as aulas materia específicas: Nos espazos que a continuación se relacionan precísase contar coa dotación sinalada posto que, ao ser centro E-Dixgal en toda a etapa educativa, o profesorado e o alumnado necesitan contar cun equipamento axeitado que permita empregar todos os recursos dixitais dispoñibles:

- ✓ Aula-taller tecnoloxía
- ✓ Aula de música.
- ✓ Aula de plástica.
- ✓ Laboratorio.
- ✓ Ximnasio

- Dotación de PDI e proxector para as aulas de desdobre: Nos espazos que a continuación se relacionan precísase contar coa dotación sinalada posto que, ao ser centro E-Dixgal en toda a etapa educativa, e debido a necesidade de contar con espazos para a atención á diversidade en iguais condicións ca nas aula de referencia, o profesorado e o alumnado necesitan contar tamén co mesmo equipamento que no punto anteriormente xustificado:

- ✓ 2 aulas de desdobres
- ✓ Aula de usos múltiples
- ✓ Biblioteca

-Dotación de PDI e proxector para a aula de apoio. A PDI está obsoleta e non funciona.

- Carros de carga para 6 aulas de grupo dixitalizadas que non contan a día de hoxe con este equipamento, sendo imprescindible para que o alumnado poida cargar os equipos.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- Unha avaliación procesual unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Unha avaliación final ao rematar o curso académico. Os aspectos a considerar incluírán a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- O estado da avaliación quedará reflectido nas táboas do plan de acción recollidas no apartado 3.1

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será publicado na web do centro.